

## BOLSAS DE COLABORACIÓN CURSO 2018-2019

Prezado Director:

O Ministerio de Educación Cultura e Deporte ven de asignar á USC **82** Bolsas de Colaboración para o curso 2018-2019, destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado do último curso do grao ou segundo ciclo ou primeiro curso de Máster que preste a súa colaboración nun Departamento, Instituto de Investigación ou Centro Singular, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

Para asignar as ditas prazas, a USC abre un prazo para que os **Departamentos, Institutos e Centros Singulares** comuniquen o seu interese en recibir bolseiros da antedita convocatoria e o número de bolsas que solicitan. Esta petición deber ser enviada por correo electrónico á dirección [csocial@usc.es](mailto:csocial@usc.es); **cumprimentando o seguinte formulario**, que deberá ser asinado e enviado en **formato pdf.**, **antes das 14 horas do día 26 de xuño de 2018.**

## PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes rematará ás **14 horas do día 26 de xuño de 2018.**

## ASIGNACIÓN DAS BOLSAS

A asignación de bolsas realizarase atendendo aos seguintes criterios, aprobados polo Pleno do Consello Social do 18 de xuño do ano 2015.

A.-Farase unha listaxe ordenada dos departamentos, institutos de investigación e centros singulares de investigación que prime a súa produtividade atendendo á fórmula: Media da Producción Científica (teses lidas, publicacións en libros e artigos en revistas, patentes, solicitudes de proxectos de investigación, ...) dos departamentos, institutos de investigación e centros singulares de investigación nos últimos tres anos, e o resultado dividilo polo persoal docente e investigador doutor a tempo completo que teñen os mesmos.

B.-Asignarase unha bolsa a cada un dos departamentos, institutos de investigación e centros singulares de investigación que previamente o soliciten. (No caso de que houbera menos bolsas que departamentos, institutos de investigación e centros singulares de investigación solicitantes, remataría a listaxe no último destes que coincida co número de bolsas asignadas á USC polo Ministerio).

C.-De seguido continuaríase coa asignación cunha segunda e sucesivas voltas ata completar o número de bolsas asignadas polo Ministerio.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2018  
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación.